

CONVOCATORIA DE PRÁCTICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES EN EMPRESAS OU INSTITUCIÓN OS ABEIRO DOS CONVENIOS ASINADOS CO CONSELLO SOCIAL DA USC

1. MARCO XURÍDICO

A realización das prácticas académicas externas regúlase ademais de pola presente convocatoria, polo Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, do 30 de xullo de 2015 (en adiante, Regulamento de prácticas externas da USC) e polas normas referidas aos estudos oficiais; polo Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudiantado universitario e polas demais disposicións xerais de aplicación.

Aos procedementos de selección do alumnado para a realización de prácticas seralle de aplicación a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común e das administracións públicas, en particular en materia de prazos e impugnacións.

O estudiantado en prácticas aplicárselle a normativa vixente sobre afiliación e cotización á Seguridade Social.

Todos os actos entre as/os interesadas/os e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) derivados desta convocatoria se realizarán exclusivamente por medios electrónicos, ao abeiro do artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. NORMAS XERAIS

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) a través do Consello Social, convoca prácticas externas extracurriculares para o estudiantado matriculado nas seguintes titulacións:

Graos/dobres graos (DG):

- Enxeñaría Forestal
- Bioloxía
- Veterinaria
- Química
- Química e bioloxía (DG)
- Administración e dirección de empresas (ADE)
- Economía

- Xornalismo e comunicación audiovisual (DG)
- Comunicación audiovisual
- Xornalismo
- Xestión cultural
- Enxeñaría informática
- Relacións laborais e recursos humanos
- Bioquímica
- Enxeñaría agrícola e agroalimentaria
- Enxeñaría de procesos químicos industriais
- Nutrición humana e dietética
- Historia
- Óptica e optometría
- Biotecnoloxía
- Física
- Enxeñaría forestal e do medio natural
- Psicoloxía
- Dereito
- Traballo Social
- Ciencia política e da administración
- Historia da arte
- Educación social
- Enxeñaría química
- Intelixencia artificial

Máster Universitario en :

- Innovación en nutrición, seguridade e tecnoloxía alimentaria
- Técnicas estatísticas
- Tecnoloxías en márketing e comunicación política
- Biodiversidade terrestre
- Enerxías renovables, cambio climático e desenvolvemento sustentable
- Avogacía e procuradoría

A relación de ofertas figura no *ANEXO I* desta convocatoria.

3. DURACIÓN DAS PRÁCTICAS

O período de prácticas terá unha duración mínima de 125 horas (5 ECTS) e máxima de 750 horas (30 ECTS) a realizar no prazo **máximo de 6 meses**.

A equivalencia establecése, a efectos de matrícula, en 1 ECTS por cada 25 horas de práctica. A xornada será dun máximo de 8 horas diarias e 40 semanais.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para ser admitido para a realización das prácticas, o estudiantado interesado, deberá posuér no día do remate do prazo de presentación de solicitudes os seguintes requisitos:

- Ser estudiante da USC.
- Posuir número de Seguridade Social e cumplir coas obrigas e requerimentos esixidos por esta.
- Non ter cuberto o número máximo de créditos de prácticas externas extracurriculares.
- Non manter ningunha relación contractual coa empresa, institución ou entidade na que se van a realizar as prácticas.
- No caso de alumnado de grao, ter superados como mínimo 90 ECTS da titulación pola que as solicita.
- Non se poderán iniciar prácticas imputables ao expediente unha vez superado o Traballo de Fin de Grao ou Máster, agás no caso de que, de acordo coa normativa aplicable, fora seleccionado para realizaras con anterioridade a superación do Traballo.
- O estudiantado en prácticas estará obrigado, para obter o recoñecemento académico, á realización da totalidade de créditos do que estea matriculado.
- Non se permitirá a redución nin a ampliación dos créditos unha vez matriculados, sen prexuízo da posibilidade da renuncia a actividade.
- O estudiantado que comece a actividade sen a previa autorización e matrícula perderá o dereito a súa realización na entidade na que a iniciou irregularmente.

5. SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse a través do catálogo de procedimentos do seguinte enlace da sede electrónica: <https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedimento/129/ver.htm>

As solicitudes deberán presentarse a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria ata o **24 de febreiro de 2025** e na solicitude poderá indicar ata un máximo de 3 ofertas por orde de preferencia.

No ANEXO IV establecense os prazos dos distintos trámites do procedimento para a presente convocatoria.

6. FORMAS E PRAZO DE ADXUDICACIÓN

6.1 ADXUDICACIÓN POLO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCEIA

A proposta de adxudicación de ofertas de prácticas aos/as candidatos/as realizarase tendo en conta as solicitudes que entraron en prazo e a orde de prelación das ofertas solicitadas polo estudiantado xunto coa media do expediente académico do/a estudiante participante calculado en base 10 segundo o RD 1125/2003.

En caso de empate para o alumnado de grao, dirimirá o empate o alumno ou a alumna que teña superado un maior número de créditos dese grao; se o empate persiste quedará dirimido pola orde de chegada da solicitude, quedando adxudicada a oferta ao/a estudiante que a presentara en primeiro lugar.

En caso de empate para o alumnado de máster, dirimirá o empate a media do expediente académico do grao. Se o empate persiste, quedará dirimido pola orde de chegada da solicitude, quedando adxudicada a oferta ao/a estudiante que a presentara en primeiro lugar.

Esta forma de adxudicación terá preferencia sobre o resto de formas de adxudicación.

Outorgarase prioridade na elección e adxudicación de prácticas aos estudiantes con discapacidade.

6.2 ADXUDICACIÓN PREFERENTE

O estudiantado pode propiciar a sinatura de novos convenios de colaboración educativa cunha determinada entidade. Neste suposto, o/a estudiante que propiciou a sinatura ou a renovación do convenio terá derecho preferente e por unha soa vez a desenvolver as prácticas na entidade asinante.

Sen prexuízo do prazo para a presentación de solicitudes recollido na nota aclaratoria de 20 de marzo de 2024, establecése un prazo extraordinario dende o día seguinte á publicación desta convocatoria ata o **24 de febreiro de 2025**.

A realización da práctica quedará supeditada a efectiva firma do convenio de colaboración educativa e a presentación no tempo e na forma da *solicitud* e do *anexo ao convenio* por parte do alumnado.

Nesta modalidade de adxudicación preferente rexerán todos prazos recollidos no anexo IV da convocatoria, que lle sexan de aplicación.

6.3 ADXUDICACIÓN DE PRAZAS VACANTES

Se a algúñ alumno ou a algúñha alumna non se lle adxudicara ningunha das ofertas solicitadas, poderá optar a unha das prazas que queden vacantes, dirixindo un escrito ao Consello Social.

6.4 ADXUDICACIÓN A ENTIDADES COLABORADORAS COS SEUS PROPIOS PROCESOS DE SELECCIÓN

O Consello Social poderá propoñer un número de alumnos/as determinado a petición da entidade colaboradora para que poida aplicar o seu propio procedemento de selección.

7. LISTA PROVISIONAL DE ADXUDICATARIOS

A lista provisional de adxudicatarios/as publicarase **entre o 26 e o 28 de febreiro do 2025**.

Contra estas listas poderase presentar reclamación ou ben renunciar á praza adxudicada mediante escrito dirixido ao Consello Social a través do rexistro electrónico xeral da USC, dende o día seguinte ao da publicación das listas provisionais ata o **5 de marzo de 2025**.

8. LISTA DEFINITIVA DE ADXUDICATARIOS

Resoltas as reclamacións, ou de non terse presentado ningunha, o órgano convocante resolverá publicando a lista definitiva de adxudicatarios.

9. PROCEDIMENTO DE FORMALIZACIÓN:

9.1 ENTREVISTA COA ENTIDADE COLABORADORA

Poderá levarse a cabo dende o día seguinte ao da publicación da lista definitiva de adxudicatarios ata o **22 de marzo de 2025**. Nesa entrevista concretarán co titor ou titora externo/a as condicións das prácticas reflectíndoas *anexo ao convenio*.

No prazo de realización da entrevista e en todo caso ata o **25 de marzo de 2025** deberán entregar no Consello Social o *anexo ao convenio* o cal deberá vir cuberto e asinado por todas as partes segundo o modelo que figura no *ANEXO II* desta convocatoria.

O formulario *anexo ao convenio* está tamén a disposición dos interesados na páxina WEB www.usc.es/csocial/practicas.

O alumnado que non presente o *anexo ao convenio* en prazo perderá o dereito á realización da práctica.

9.2 MATRÍCULA E RÉXIME DE ASEGURAMENTO

A matrícula farase na Unidade de Xestión Académica (UXA) correspondente en función da titulación que estea a cursar o/a alumno/a adxudicatario/a.

Poderán matricularse desde o mesmo momento en que reciban por correo electrónico a autorización do Consello Social e coa **data límite do 27 de marzo de 2025.**

O alumnado que non se matricule en prazo perderá o dereito á realización das prácticas.

A realización das prácticas estará cuberta polo seguro escolar agás para o estudiantado maior de vinte e oito anos para o que se formalizará obligatoriamente a cargo do/a estudiante un seguro de accidentes.

10. AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS

As prácticas serán avaliadas polo/a titor/a académico/a de acordo co artigo 24.1. b) do Regulamento de prácticas externas da USC, e polo/a titor/a externo/a da entidade colaboradora de acordo co artigo 25 da mesma norma.

No prazo **máximo de 15 días** dende a finalización das prácticas, o/a alumno/a deberá entregarlle ao/á titor/a académico/a unha memoria das actividades realizadas.

Nese mesmo prazo o/a titor/a externo/a entregaralle ao/á titor/a académico/a e ao Consello Social (aos efectos do apartado 14) un informe segundo o modelo que figura no **ANEXO III** desta convocatoria. **Este informe non poderá ser entregado en ningún caso polo interesado.**

11. INCUMPRIMENTO DALGUNHA DAS PARTES

11.1 INCUMPRIMENTO DA ENTIDADE COLABORADORA

No caso de que a entidade colaboradora incumprise alguma das súas obrigas, sen prexuízo das responsabilidades nas que puidera incorrer de acordo coa normativa aplicable, o Consello Social, previa solicitude do/a alumno/a prexudicado/a, tratará de ofrecerlle unha praza noutra entidade colaboradora sempre e cando quedaran ofertas vacantes.

11.2 INCUMPRIMENTO DO/A ALUMNO/A SELECCIONADO/A

Tras a publicación da lista definitiva de adxudicatarios/as e no caso de que o alumno/a adxudicatario/a decidise non facer as prácticas ou incumprise alguma outra das súas obrigas de acordo coa normativa aplicable, o Consello Social, previa solicitude da empresa, tratará de adxudicarlle a outro/a candidato/a sempre e cando quedara algún alumno/a dispoñible.

12. RECOÑECIMENTO ACADÉMICO DAS PRÁCTICAS REALIZADAS

Estas prácticas non forman parte do plan de estudos polo que non computan para a media académica, non obstante deberán figurar no *expediente académico* e no *suplemento europeo ao título (SET)*.

13. CERTIFICADO DA REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

O Consello Social expedirá ao alumnado participante un certificado das prácticas superadas de acordo co Regulamento de prácticas externas da USC.

Poderáselle expedir un certificado da colaboración prestada aos titores ou ás titoras académicos/as e externos/as previa solicitude ao Consello Social.

14. PREMIO AO/Á ESTUDANTE MELLOR VALORADO/A NAS PRÁCTICAS

O Consello Social premiará ao/á estudiante mellor valorado/a por parte do/a tutor/a externo/a na realización das prácticas en calquera das modalidades recollidas no *apartado 6*. Os criterios obxectivos de valoración serán:

- (i) En primeiro lugar a maior puntuación acadada de acordo cos parámetros recollidos no *ANEXO III* referido no apartado 10 da presente convocatoria.
- (ii) En caso de empate dirimirase tendo en conta o mellor expediente académico calculado segundo a base 10 do RD 1125/2003. A media que se terá en conta será a que figure no expediente académico do alumno ou da alumna o día seguinte a aquél no que venza o prazo de recepción do informe final do tutor externo.

Os adxudicatarios das prácticas extracurriculares do Consello Social poderán ser beneficiarios do premio unha única vez independentemente das convocatorias ás que concorra.

O premio consistirá na entrega dun diploma por parte da presidenta do Consello Social e unha dotación económica de mil cincocentos euros (1.500€), á que se lle aplicará a retención que por lei corresponda, no seu caso, e que será outorgado no mes de novembro de 2025.

A efectos do presente premio teranse en conta ás/-aos estudiantes que teñan finalizada a práctica entre os **días 1 de abril de 2025 e o 30 de setembro de 2025**, sempre e cando o informe do *ANEXO III* fora remitido ao Consello Social polo/a tutor/a externo/a a través do rexistro non máis tarde do día **20 de outubro de 2025**.

15. NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DERIVADOS DESTA CONVOCATORIA

Tódalas comunicacións derivadas desta convocatoria publicaranse puntualmente no taboleiro electrónico da Universidade.

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de

Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2a) da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2025

Cecilia Sierra Rey
A presidenta do Consello Social da USC

(Pd de sinatura Resolución de 1 de xuño de 2020)

A secretaria do Consello Social

Marta Villamayor Álvarez

(Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento

administrativo

común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

ANEXO I

OFERTA PARA OS GRAOS

BIOLOXIA

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
SANEA CONTROL S.L.	Ames (A Coruña)	2	Seguridade alimentaria, análise e implantación de sistemas APPCC, avaliación/aplicación de tratamentos en instalacións contra legionella
Museo de Historia Natural Luis Iglesias	Santiago de Compostela	1	Tarefas relacionadas coa titulación
Grupo ECOPAST GI 1553	Santiago de Compostela- CRETUS	3	Tarefas de laboratorio relacionadas co eido da arqueoloxía ambiental, reconstrucción paleoambiental, xeoarqueoloxía, xeoquímica e palinoloxía
Ambical proyectos S.L.	A Coruña	1	Relacionada coa titulación

QUÍMICA

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
Ambical proyectos S.L.	A Coruña	1	Relacionada coa titulación
Kemegal Quimicos S.L.	Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)	2	Relacionada con fabricación de productos de limpeza de uso profesional

VETERINARIA

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
CV Aranea	Salceda de Caselas (Pontevedra)	1	Relacionada coa titulación
CV Ars Canis	Vigo	2	Relacionada coa titulación
CV A Marosa	Viveiro (Lugo)	2	Relacionada coa titulación
CV A Marosa	Burela (Lugo)	2	Relacionada coa titulación
Ambical proyectos S.L.	A Coruña	1	Relacionada coa titulación
Asociación Galega de Apicultura	Arzúa (A Coruña)	1	Patoloxía, bioloxía, polinización e acción das abellas, producción e selección xenética
Consello Regulador da IXP Tenreira e Vaca galega, Boi galego	Santiago de Compostela	3	Control e certificación do consello regulador
A Farola Redondela S.L.	Redondela (Pontevedra)	2	Funcionamento integral de clínica veterinaria
Grupo de Anatomía patológica veterinaria GI1707- USC	Lugo	2	Investigación e diagnóstico no ámbito de anatomía patológica principalmente especies acuáticas
Lairoside S.L.	A Coruña	4	Asistencia nas labores diarias de consulta, cirugía, hospitalización e laboratorio
Anicura Abros H.V SL	Pereiro de Aguiar (Ourense)	7	Diagnóstico, radiología, atención hospitalaria, laboratorio, etc.

QUÍMICA E BIOLOGÍA (DG)

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
Ambical proyectos S.L.	A Coruña	1	Relacionada coa titulación

ADMINISTRACION E DIRECCIÓN DE EMPRESAS

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
MARIÑAS ASESORES, J.A. Mariñas Fidalgo	OURENSE	1	Facturas, contabilidade, impostos, SS, SEPE, AEAT, XUNTA.
GAZAITDIGITAL, Ribk Business_Inés Gallardo Zamora	Muriedas (Cantabria)	2 Obervacion: practicas on-line	Creacion e mellora de imaxe corporativa, logos, banners, deseños webs, cabeceiras, branding...
AYEconomics Research Centre S.L.	Santiago de Compostela	1	Análise de mercado (proxectos USGAT Capacity building Erasmus+), estratexia de marketing de producto SMART TIO e proxecto USGAT
FISELA S.L.	Santiago de Compostela	1	Relacionadas coa titulación
Concello de Ponteareas	Ponteareas (Pontevedra)	1	Relacionadas coa titulación
Industrias Plásticas Arias SL	Lugo	2	Apoio o departamento de negocio, mercado e xerencia
García Salgado SL	Santiago de Compostela	2	Fiscalización e contabilidade
Caxia Rural Galega	Lugo	1	Depósitos bancarios, investimento crediticio, medios de pago, etc.

ECONOMIA

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
AYEconomics Research Centre S.L.	Santiago de Compostela	1	Análise de impacto mediante tecnoloxía input/output, proxectos específicos con entidades publicas/privadas
Concello de Ponteareas	Ponteareas (Pontevedra)	2	Relacionada coa titulación

XORNALISMO E COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (DG)

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
AYEconomics Research Centre S.L.	Santiago de Compostela	1	Deseño posicionamento de marca <i>smart tio Peru</i> , proxectos USGAT Capacity building Erasmus+, estudo e adaptación de materiais de marketin no contexto sociocultural
Concello de Ponteareas	Ponteareas (Pontevedra)	1	Relacionada coa titulación

XORNALISMO

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
GAZAITDIGITAL, Ribk Business_Inés Gallardo Zamora	Muriedas (Cantabria)	3 Obervacion: prácticas on-line	Elaboración de textos para distintas liñas de negocio (blogs, artigos, guíóns...)

COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
GAZAITDIGITAL, Ribk Business_Inés Gallardo Zamora	Muriedas (Cantabria)	3 Observacións: prácticas ONLINE	Edición de videos, mellora de son, corte, subtitulado, creacion de miniaturas (adobe premier, filmora, capcut...)

XESTIÓN CULTURAL

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
FISELA S.L.	Santiago de Compostela	1	Deseñar e xestionar proxectos culturais, executar perfiles técnicos da xestión cultural, xestión económica, plans de sostenibilidade e dereito cultural

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
Concello de Ponteareas	Ponteareas (Pontevedra)	2	Relacionada coa titulación

ENXEÑARÍA INFORMÁTICA

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
INVBIT diseño y desarrollo web	Santiago de Compostela	1	Javascript reactivas, maquetación web con CSS3, creación de web services, consumo de APIs, traballo de CRUD
GAZAITDIGITAL, Ribk Business_Inés Gallardo Zamora	Muriedas (Cantabria)	3 Observacións: prácticas ONLINE	Creación de webs/apps, mellora do rendemento, análise da competencia, mantemento e optimización de proxectos...
CITIUS-USC	Santiago de Compostela	1	Relacionada coa titulación
Granja Campomayor S.L.	Palas de Rei (Lugo)	1	Relacionada coa titulación

RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
SANEA CONTROL S.L.	Ames (A CORUÑA)	2	Atención cliente, orzamento, oficina
MARIÑAS ASESORES, J.A. Mariñas Fidalgo	OURENSE	1	SS, SEPE, INSS, contratos, certificados de empresa e transmisións de seguros sociais.
Concello de Ponteareas	Ponteareas (Pontevedra)	2	Relacionada coa titulación
Manager Asesores SCG	Lugo	1	Diagnóstico laboral, avaliacion de contratos laborais, deseño de estratexia laboral

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
Granja Campomayor S.L.	Palas de Rei (Lugo)	1	Relacionada coa titulación

BIOQUIMICA

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
FoodTec Consulting S.L.U.	Lugo	1	Relacionada coa titulación
Misión biolóxica de Galicia- MBG-CSIC (<i>Grupo de genética de desarrollo de plantas</i>)	Pontevedra	1	Avaliación de especies leguminosas, xenotipado, e marcadores para xenes de interese, nova variabilidade xenética e fenotípica orixinada por cruzamentos e da variedade artificial xerada por mutaxénese

ENXEÑARÍA AGRÍCOLA E AGROALIMENTARIA

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
FoodTec Consulting S.L.U.	Lugo	1	Relacionada coa titulación
Alvaro Rodríguez Eiras, S.L.	Lugo	1	Formulación de fertilizantes, técnicas de venta e asesoramento de fertilizantes e outros suministros agrícolas

ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIALIS

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
FoodTec Consulting S.L.U.	Lugo	1	Relacionada coa titulación
Granja Campomayor S.L.	Palas de Rei (Lugo)	2	Relacionada coa titulación

NUTRICIÓN HUMANA E DIETÉTICA

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
FoodTec Consulting S.L.U.	Lugo	1	Relacionada coa titulación

HISTORIA

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
Museo de Historia Natural Luis Iglesias	Santiago de compostela	1	Relacionada coa titulación
Grupo ECOPAST GI 1553- USC	Santiago de compostela-CISPAC_Gaias	4	Relacionada coa titulación
Concello de Ponteareas	Ponteareas (Pontevedra)	1	Relacionada coa titulación

ÓPTICA E OPTOMETRÍA

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
FONPORT S.L.	OPTICA STUDIO-VIGO	1	relacionada coa titulación
FONPORT S.L.	OPTICA STUDIO-CANGAS	1	relacionada coa titulación
FONPORT S.L.	OPTICA STUDIO-ALCAMPO-VIGO	1	relacionada coa titulación
OJABARAM	Establecimiento Comercial Lopez de Hoyos 135_MADRID	1	Técnicas de venta, orzamentos, montaxe en taller, control de stock
OJABARAM	Establecimiento Comercial Cea Bermúdez_MADRID	1	Técnicas de venta, orzamentos, montaxe en taller, control de stock

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
OJABARAM	Establecimiento Comercial <i>Lopez de Hoyos 128</i> _MADRID	1	Técnicas de venta, orzamentos, montaxe en taller, control de stock

BIOTECNOLOGÍA

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
CIMUS-USC	Santiago de Compostela	2	Familiarizacion procesos e maquinaria de laboratorio, cultivo celula SHWA de rata, epatocitos.

FÍSICA

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
CITIUS-USC	Santiago de Compostela	1	Relacionada coa titulación

ENXEÑARÍA FORESTAL E DO MEDIO NATURAL

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
Asociación Forestal de Galicia	Ponteareas (Pontevedra)	1	Planificación forestal, tramitación de subvenciones, certificación forestal
Asociación Forestal de Galicia	Santiago de Compostela	1	Planificación forestal, tramitación de subvenciones, certificación forestal
Asociación Forestal de Galicia	Pontevedra	1	Planificación forestal, tramitación de subvenciones, certificación forestal
Colexio Oficial da Enxeñaría Técnica Forestal de Galicia	Santiago de Compostela	2	Estudo sobre o colectivo profesional da enxeñaría forestal en Galicia e ámbitos laborais

PSICOLOXÍA

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
Concello de Ponteareas	Ponteareas	1	Relacionada coa titulación
Asociación Raiolas Lugo	Lugo	1	Apoio nas actividades de psicoloxía, intervención grupal/individual
Asociación Dano Cerebral Adquirido	Lugo	1	Relacionada coa titulación

DEREITO

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
Concello de Ponteareas	Ponteareas	1	Relacionada coa titulación
Informática y Networking (INFONET)	Santiago de Compostela	1	Relacionada coa titulación
Ana María Varela Meizoso, avogados	Santiago de Compostela	1	Propia dun despacho de avogados/as
Integras Santiago SLNE	Santiago de Compostela	1	Contacto co exercicio práctico do dereito
Pin & del Pino, avogados y asesores	Lugo	1	Relacionada coa titulación

TRABALLO SOCIAL

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
Concello de Ponteareas	Ponteareas	2	Relacionada coa titulación

CIENCIAS POLÍTICAS E DA ADMINISTRACIÓN

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
Concello de Ponteareas	Ponteareas	2	Relacionada coa titulación

HISTORIA DA ARTE

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
Galería Nordés	A Coruña	1	Tarefas de organización de exposicións, feiras e atención ao público

EDUCACION SOCIAL

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
Innova, Consultoría, Formación y Proyectos	A Coruña	1	Elaboración de contenido didáctico, control de calidad, etc.

ENXEÑARÍA QUÍMICA

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
Segula Tecnologías España SAU	Vitoria (Alava)	1	Proceso e instrumentación nunha empresa de servicios de enxeñaría Observación: posible axuda o estudio

INTELIXENCIA ARTIFICIAL

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
Saúl Vérez Fernández	Lugo	2	Relacionada coa titulación

OFERTA PARA OS MÁSTERES

INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN, SEGURIDADE E TECNOLOGÍA ALIMENTARIA

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE
FoodTec Consulting S.L.U.	Lugo	1	Relacionada coa titulación
Ambical Proyectos S.L.	A Coruña	1	Relacionada coa titulación

TÉCNICAS ESTATÍSTICAS

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE
Ambical Proyectos S.L.	A Coruña	1	Relacionada coa titulación

TECNOLOGÍA EN MARKETING E COMUNICACIÓN POLÍTICA

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE
INVBIT diseño y desarrollo web	Santiago de Compostela	1	Xestión e creación de contenido para redes sociais, informes de campañas de Google Ads, analise/estudo de palabras clave para e competidores para elaboración de campañas
Granja Campomayor S.L.	Palas de Rei (Lugo)	1	Relacionada coa titulacion

BIODIVERSIDADE TERRESTRE

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE
Museo de Historia Natural Luis Iglesias	Santiago de Compostela	1	Tareas relacionadas coa titulación

ENERXIAS RENOVABLES, CAMBIO CLIMÁTICO E DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
CITIUS-USC	Santiago de Compostela	1	Relacionada coa titulación

AVOGACÍA E PROCURADORÍA

EMPRESA	LOCALIDADE	POSTOS OFERTADOS	DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE
Ana María Varela Meizoso	Santiago de Compostela	1	Relacionada cun despacho de avogados/as

ANEXO II

ANEXO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES POR PARTE DE ESTUDANTES DESTA UNIVERSIDADE ORGANIZADAS POLO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE

CURSO ACADÉMICO 202...../202....

Os abaixo assinantes manifestan que leran e aceptan as condicións e compromisos establecidos no convenio de colaboración educativa subscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela e a entidade colaboradora, e de acordo coas cláusulas contempladas no dito convenio, fan constar a seguinte información:

1.- Tipo de prácticas: Extracurriculares

2.- Estudante beneficiario/a deste acordo:

Apelidos e nome:.....DNI:.....

Tfno. de contacto.....endereço electrónico.....

O/a estudante declara cumplir os requisitos establecidos para a realización das prácticas (cláusula terceira do convenio) así como estar ao corrente no pagamento do seguro establecido na cláusula oitava 1. do convenio (seguro escolar para menores de 28 anos; seguro específico para os maiores de 28 anos).

3.- Titulación na que está matriculado/a o/a estudante:

.....

4.- Centro de traballo onde se desenvolverán ás actividades, (indicar o nome da empresa, endereço postal, endereço electrónico e/ou un Tfno. de contacto):

.....
.....
.....

5.- Titor/a académico/a:

D/dona.....DNI.....cargo.....
.....
e-mail.....

6.- Titor/a da entidade colaboradora:

D/dona.....DNI.....cargo.....
.....
e-mail.....

7.- Duración das prácticas académicas externas:

(dd/mm/aa): **do**/...../..... **ao**/...../.....

Nº total de días: **Horas/día:** **Total horas/práctica**.....

8.- (De ser o caso especificar a forma de pago) Prevese unha aportación ao/á alumno/a por parte da entidade dunha **axuda ao estudio de**.....€/mes,.....€/día,.....€ pola totalidade da práctica, que se aboará:

.....
.....

(A entidade ou organismo que financie a contraprestación económica á que poida ter dereito o/a estudiante terá a condición de empresario/a, assumindo a obriga de realizar as altas e baixas do alumnado en prácticas e, de ser o caso, a cotización cando corresponda, segundo o establecido na cláusula oitava, apartado 4 do presente convenio).

9.- O réxime de **permisos** será acordado pola entidade colaboradora e o/a estudiante, e deberá adaptarse ás normas que a Universidade poida establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte da entidade colaboradora as obrigas de asistencia á Universidade motivadas polo cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e participación dos ou das estudiantes tal e como se establece na cláusula quinta, apartado 3 do presente convenio.

10.- O **obxectivo** educativo destas prácticas é que o/a estudiante aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o/a preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

11.- Proxecto formativo das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc.)



12.- Sistemas de avaliación e control: O/A titor/a académico/a, á vista do informe da entidade colaboradora e da memoria final do/da estudiante, avaliará as prácticas desenvolvidas tal e como se establece no artigo 25, apartado 4 do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.

13.- O/a estudiante comprométese a cumplir coas obrigas establecidas no convenio:

- a. Incorporarse na data acordada e cumplir o horario previsto no *anexo*.
- b. Cumplir e respectar o sistema organizativo da entidade.
- c. Gardar o debido sixilo respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.
- d. Cumplir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
- e. Cumplir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.
- f. Calquera outro deber previsto na normativa vixente, nos convenios de cooperación educativa asinados entre a USC ou entidade xestora de prácticas e a entidade colaboradora e, a entidade xestora de prácticas vinculada á mesma, coa entidade colaboradora.

14.- Información de protección de datos:

Entidade	Universidade de Santiago de Compostela
Responsable do tratamento	Secretario/a Xeral
Finalidade	Xestión dos procesos de acceso á universidade, de matrícula, continuación de estudos, traslados, xestión dos expedientes académicos, dos títulos e dos cursos de posgrao, terceiro ciclo e formación continua, tramitación de reclamacións, recursos, queixas e suxerencias, control económico de prezos, enquisas, prácticas, así como calqueroutra actividade que se inclúa na xestión académica administrativa.
Lexitimación	Prestación do servicio público de educación superior (Lei Orgánica 6/2001, de Universidades e Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia). No seu caso, consentimento das persoas interesadas.
Destinatarios	Se poderán ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigas legais.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir datos, limitar o seu tratamento, opoñerse ao mesmo e á portabilidade dos datos.
Información Adicional	Se pode consultar información adicional na política de privacidade e protección de datos aloxada en: http://www.usc.es/gl/normativa/protecciodatos/index.html
Transferencias internacionais	Non se prevén

O que se asina, por triplicado, en....., a.....de.....de 202.....

O/A titor/a académico/a,	O/A titor/a pola entidade colaboradora,	O/A alumno/a,
Asinado:	Asinado:	Asinado:

ANEXO III**Informe titor/a da entidade colaboradora**

D/Da _____,
en calidad de _____ (cargo) da empresa
ou institución _____,

INFORMO

Que don/dona _____, con DNI _____,
estudante da Universidade de Santiago de Compostela, realizou prácticas nesta entidade dende o (dd)
_____ do (mm) _____ de (aaaa) _____ ata o (dd) _____ do (mm) _____ de (aaaa) _____,
cunha duración total de _____ horas.

Valore do 1 ao 5 cada un dos seguintes aspectos sobre o desempeño do estudiante durante a realización da
actividade, sendo 1 o menos favorable e 5 o más favorable:

- | | |
|--|--------------------------|
| Capacidade técnica | <input type="checkbox"/> |
| Capacidade de aprendizaxe | <input type="checkbox"/> |
| Administración de traballos | <input type="checkbox"/> |
| Habilidades de comunicación oral e escrita | <input type="checkbox"/> |
| Sentido da responsabilidade | <input type="checkbox"/> |
| Facilidade de adaptación | <input type="checkbox"/> |
| Creatividade e iniciativa | <input type="checkbox"/> |
| Implicación personal | <input type="checkbox"/> |
| Motivación | <input type="checkbox"/> |
| Puntualidade | <input type="checkbox"/> |
| Relación coa contorna laboral | <input type="checkbox"/> |
| Capacidade de traballo en equipo | <input type="checkbox"/> |

Outros aspectos que considere importante destacar:

O/a estudiante desenvolveu as súas tarefas _____ (grafo de satisfacción da entidade).

Lugar, data e sinatura

ANEXO IV

Resumo dos prazos para a convocatoria de prácticas externas extracurriculares de febreiro de 2025:

TRÁMITE	PRAZO
Presentación de solicitudes de alumnado	Dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria ata o 24 de febreiro de 2025 a través do seguinte enlace da sede electrónica da USC: https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/129/ver.htm
Publicación das listas provisionais de adxudicatarios/as	Publicaranse entre o 26 e o 28 de febreiro de 2025.
Prazo de reclamación fronte as listas provisionais de adxudicatarios/as	Dende o día seguinte da publicación das listas provisionais ata o 5 de marzo de 2025 , presentando un escrito dirixido ao Consello Social a través do rexistro electrónico xeral da USC.
Prazo de renuncia á praza adxudicada	O prazo de resolución das reclamacións non será inferior a 3 días hábiles nin superior a 10.
Publicación das listas definitivas de adxudicatarios/as	Resoltas as reclamacións, ou de non terse presentado ningunha, o órgano convocante resolverá publicando a lista definitiva de adxudicatarios.
Entrevista coa empresa	Poderá levarse a cabo dende o día seguinte da publicación da lista definitiva de adxudicatarios ata o 22 de marzo de 2025.
Entrega do anexo ao convenio no Consello Social	No prazo indicado para a entrevista, unha vez realizada esta, ata o 25 de marzo de 2025 . O formulario do <i>anexo ao convenio</i> figura no ANEXO II desta convocatoria
Prazo de matrícula	Dende o día que o alumnado reciba por correo electrónico a autorización para a práctica ata o 27 de marzo de 2025.
Prazo de realización da práctica	O alumnado, de acordo co tutor ou coa tutora externo/a, elixirá as datasnas que realizará a práctica sempre e cando o período da actividade estea comprendido entre os días 1 de abril e o 30 de setembro de 2025.

NOTA: A relación de ofertas para cada titulación figura no **ANEXO I** desta convocatoria.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARTA VILLAMAYOR ALVAREZ, SECRETARIO A DO CONSELLO SOCIAL,
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 10/02/2025 12:51:22.

CSV: 5D63-2962-4E2C-BDDE